



En Boiro, sendo as 11:15 horas do día 15 de abril de 2016, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Espiñeira de Boiro coa seguinte orde do día:

**Ausentes:**  
Pérez, M.  
Castro, A.  
García, J.L.

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Resultados da segunda avaliación.
3. Proposta de calendario de Exames Finais
4. Formularios de matrícula.
5. Suxestións e preguntas.

1. Apróbase por unanimidade a acta da anterior sesión celebrada o 2 de marzo de 2016.
2. O xefe de estudos comenta os resultados da segunda avaliación e fai entrega dos datos estatísticos.
3. Faise entrega da proposta de calendario de exames finais de 2º bacharelato
  - a) Pídese ao profesorado que comunique ao xefe de estudos o día e hora para os exames finais de materias pendentes de 1º bacharelato (Matemáticas Aplicadas, Matemáticas, Educación Física, Castelán, Galego, Grego, Física e Química e Latín) que se van realizar entre o 9 e o 11 de maio.
  - b) A efectos de establecer os exames finais para recuperación de materias pendentes na ESO o xefe de estudos insta o profesorado a elixir un día e unha hora para realizar os exames durante a semana do 23 ao 27 de maio.
  - c) Comunícase ao profesorado de ciclos formativos o calendario de exames finais e de probas libres para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior e infórmase da existencia de candidatos á proba.
4. O xefe de estudos fai chegar ao profesorado un borrador do formulario de matrícula para o próximo curso para que sexa valorado/estudado pola CCP. A directora expón as instrucións de Inspección sobre os asuntos seguintes: limitación de profesorado, tratamento das optativas, prácticas con módulos pendentes en FPB e oferta de optativas indicando que só poderán ofertalas departamentos con horas suficientes e impartilas dentro das marxes establecidas (mínimo 10 alumnos). Insta o profesorado a dicir nos próximos días que materias queren ofertar dentro das posibilidades do departamento (20 horas). O xefe de estudos fai unhas consideracións relativas a:
  - a) Inclusión de materias específicas de opción e LCA.
  - b) Inclusión das materias de modalidade (troncal non cursada).
  - c) Combinacións posibles para sumar 8 horas: 4+4 (só con materias de modalidade), 4+3+1 (Relixión e Valores éticos), 4+2+2, 3+3+2.
  - d) Posibilidade de que non haxa 3ºPMAR
  - e) Desdobre en 4ºESO
5. A directora indica que para a próxima CCP se debería ter un formulario para presentar ao claustro.
6. O xefe de estudos roga que se cumpra coas obrigas administrativas e se asinen as actas da segunda avaliación.
7. O xefe de estudos informa que a sesión de **avaliación de pendentes** se vai celebrar o 20 de abril pola tarde. Indícaselles aos xefes de departamento que para axilizar a sesión de avaliación deberán ter postas as notas no XADE e que o cuestionario que recolle a asistencia, participación e realización de exames se fará durante a sesión de avaliación. Indica que a cada sesión de avaliación deberán acudir os xefes de departamento ou as persoas nas que se delegara a recuperación do alumnado pendente e os titores presidirán e coordinarán as sesións de avaliacións.
8. A directora presenta o cartel e folleto do Centro e comunica as dificultades aducidas pola Administración para a concesión do ciclo superior de Asistente á dirección. A directora informa que continuara co proceso de solicitude.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a presente reunión sendo as 11:40 horas

A DIRECTORA

O SECRETARIO

Asdo.: Mercedes Fernández Fernández

Asdo.: Manuel Pimentel González